

Nº EXPTE: [1943/2022](#)

## DECRETO DE ALCALDÍA

### Antecedentes

Orde do 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A).

Resolución da **Xefatura Territorial De Pontevedra-Sede Vigo, do Servizo De Coordinación Administrativa e Xestión Económica**, rexistrada o 29/07/2022 no Concello de Caldas de Reis, pola que se concede de subvención ao CONCELLO DE CALDAS DE REIS, conforme á citada Orde.

Bases do proceso selección do alumnado-traballadores/as e do equipo directivo participante no obradoiro de emprego “OS CAMIÑOS DO CAMIÑO III” CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

Informe desfavorable da Intervención e da Secretaría Municipais (informe da intervención núm. 2022-0232).

Á vista do exposto, e facendo uso das atribucións previstas no artigo 21.1 h) e s) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Aprobar as Bases do proceso selección do alumnado-traballadores/as participantes no obradoiro de emprego “OS CAMIÑOS DO CAMIÑO III” CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

**SEGUNDO.** Ordenar a publicación das Bases da Convocatoria no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello e remitir oferta á oficina de emprego.

Caldas de Reis, á data da sinatura dixital.

Juan Manuel Rey Rey

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

JUAN MANUEL REY REY (1 para 1)  
Nome: Juan Manuel Rey Rey  
Data de Sinatura: 09/09/2022  
HASH: 200599907702b43c21a6640ab51320b



DECRETO

Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7DDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 12

**BASES DO PROCESO SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADORES/AS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “OS CAMIÑOS DO CAMIÑO III” CONCELLO DE CALDAS DE REIS (exp: 36/00020/2022)**

**PRIMEIRA.- OBXECTO.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 2, 10 e 11 da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A) (DOG Núm. 133 do 08-03-2022) e as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación que con data 26/04/2022

**A DATA LÍMITE DE INICIO do proxecto será o 03/10/2022**

**AS PRAZAS DE ALUMNADO-TRABALLADORES QUE SE CONVOCAN SON:**

- **10 PRAZAS DA ESPECIALIDADE DE ACTIVIDADE XARDINEIRA-FORESTAL (AGAO0108/0208-0108) CERTIFICADOS DE NIVEL 1.**
- **10 PRAZAS DA ESPECIALIDADE DE ALBANELERÍA (EOCB0209/0208/0108) CERTIFICADOS DE NIVEL 1.**

Para estes certificados de profesionalidade é necesario cumprir os requisitos de acceso sinalados no Real decreto 682/2011, de 13 de maio, que o regula.

As contratacións ás que se refiren as presentes bases financiaranse pola Xunta de Galicia, no marco do disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 133 do 08/03/2022). A formalización dos correspondentes contratos queda condicionada á previa confirmación da efectiva disposición do financiamento municipal

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7QDDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 12

Retribucións. O alumnado/traballador/a seleccionado percibirán os salario mínimo interprofesional vixente en cada momento.

#### **SEGUNDA.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.**

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

#### **TERCEIRA.- RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO-TRABALLADOR COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.**

Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos /as traballadores seleccionados serán contratados polo concello na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe ou na que corresponda de acordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación, polo que deberá reunir, para formalizar o dito contrato, os requisitos a que alude o artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (O proxecto terá unha duración de 12 meses)

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7QDDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 12

#### **CUARTA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

##### **a) REQUISITOS XERAIS:**

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

2. Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

3. Non ter participado noutro Obradoiro de Emprego.

##### **b) REQUISITOS MÍNIMOS:**

1. Ter 18 ou máis anos de idade .

2. Estar desempregado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

3. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación dos artigos previstos 2 e 5 da Orde.

4. Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 1 e 2, as persoas candidatas deberán cumprir os requisitos de acceso sinalados no Real decreto 682/2011, de 13 de maio, que regula ditos certificados.

##### **c) REQUISITOS PREFERENTES:**

Persoa que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:

- Emigrantes retornados
- Mulleres en xeral.
- Mulleres vítimas de violencia.
- Persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7QDDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 12

- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3.
- Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.

d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa
3. A participación noutro programa mixto de emprego e formación.
4. Falsear os datos do cuestionario.
5. A expulsión doutro programa de formación e alternancia co emprego.

**QUINTA.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.**

1. A OFERTA DE EMPREGO que será elaborada polo Concello de Caldas de Reis e asinada polo Alcalde-Presidente.

a) ÁMBITO XEOGRÁFICO: Concello de CALDAS DE REIS. De non atoparse candidatos suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) REQUISITOS DO ALUMNADO: Os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de candidatos a remitir: 3 por posto

2. Realizada a SONDAJE, a oficina de emprego comunicará aos candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, e a achega imprescindible dos seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral)
- Acreditación da maior Titulación académica adquirida.
- Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7QDDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 12

- Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).
- Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).

As persoas candidatas en tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar no rexistro xeral do Concello (previa cita) sito na rúa Ferrería nº 1, 36650, Caldas de Reis ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello, ou polos medios definidos no artigo 16 da lei 39/2015, solicitude dirixida ó Alcalde-Presidente, na que farán constar que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, de acordo coas bases, disporán do prazo de 3 DÍAS HÁBILES, para entrega da documentación oportuna, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditara resolución provisional, que será publicada no taboleiro de edictos do Concello, e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> establecendo a relación de aspirantes incluídos e excluídos no proceso coa indicación das causas de exclusión e a concesión dun prazo dun (1) día hábil para a subsanación de deficiencias. Dita resolución incluírá a composición do tribunal así como o lugar, día e hora de constitución do tribunal, e de desenvolvemento do proceso selectivo.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que será publicada de igual forma a provisional.

Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

No caso de que non se acade un número mínimo de dous candidatos por praza o Alcalde poderá solicitar unha ampliación da sondaxe, co fin de acadar candidatos suficientes para realizar o proceso de selección

Pasarán á fase de entrevista os candidatos, enviados pola oficina de emprego, que realicen a solicitude e cumplan cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do

---

### Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7QDDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 12

proceso de selección.

#### **SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha

ENTREVISTA PERSOAL, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 10 puntos.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse na sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> e no taboleiro do Concello de Caldas de Reis.

Complementarase cunha segunda fase de AVALIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E PROFESIONAIS dos candidatos, por medio dun baremo. ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 10 puntos. A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do tribunal. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo.

Exporase a relación provisional destas puntuacións na sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, e no taboleiro do Concello de Caldas de Reis. Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración segundo o baremo e data de exposición da relación definitiva do proceso de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán as puntuacións acadados en cada fase, así como as puntuacións finais (suma dos puntos acadados en cada fase) das persoas candidatas que tiveren superado a totalidade do procedemento selectivo e que determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora .

Os posibles empates nas puntuación dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base oitava.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**

Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7DDQ4EF6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 12

Unha vez elaborada a proposta de alumnado/traballadores/as propostos, o concello remitírala á oficina de emprego que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do alumnado proposto non cumprira ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo ao concello para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

O Concello de Caldas de Reis contratará as persoas aspirantes que, obtendo a maior puntuación final, fosen propostos polo tribunal.

As puntuacións finais e os nomes das persoas candidatas propostos para seren contratados polo concello e os dos integrantes da lista de reserva a que fai referencia a base novena, publicaranse na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios do Concello de Caldas de Reis.

Unha vez publicadas as puntuacións do proceso de selección, as persoas candidatas con maior puntuación en cada praza deberán en un prazo máximo de 1 día hábil comunicar por escrito ao Concello de Caldas de Reis a súa aceptación ou renuncia á praza. Se transcorrido devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que se renuncia á mesma, que pasará a adxudicarse ao seguinte candidato con maior puntuación, tendo igualmente a obrigaón de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.

#### **SÉTIMA.- VALORACIÓN FINAL.**

Finalizadas as referidas actividades selectivas, o tribunal, na correspondente sesión, procederá á súa cualificación final (titular da especialidade/suplente). Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

A relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, coa indicación das especialidades formativas ás que son adscritos será exposta na sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> e nos taboleiros do Concello de Caldas de Reis e da Oficina de Emprego de Caldas de Reis.

---

### **Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7QDDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 12



#### **OITAVA.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.**

Os criterios para dirimir os empates, en cada unha das fases do proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnado-traballadores, serán:

1. Teñan o menor nivel académico
2. Teñan a menor idade.
3. Teñan menor protección de desemprego.

#### **NOVENA.- LISTA DE RESERVA**

Rematado o proceso selectivo, o tribunal elaborará unha lista de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

No suposto de que a lista de reserva se esgotara ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

#### **DÉCIMA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

O Tribunal estará integrado por: 1 Presidente/a; 1 Secretario/a e 2 Vogais, que serán empregados públicos do Concello de Caldas de Reis ou dos concellos limítrofes

Os membros do Tribunal terán voz e voto, excepto o secretario que terá voz, mais non voto.

O Tribunal poderá acadar, se o estimase procedente e axeitado, o asesoramento dun ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente, Secretario e un terzo dos vocais.

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7QDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 12

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde - Presidente.

#### **UNDÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.**

As persoas aspirantes seleccionadas e propostas polo Tribunal deberán presentar a documentación necesaria para a formalización do contrato.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acordar a contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

A persoa aspirante proposta e contratada comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

As persoas seleccionadas deberán atender ao chamamento no prazo de 1 día hábil. En caso contrario, efectuarase un novo chamamento.

#### **DUODÉCIMA. INCIDENCIAS, IMPUGNACIÓN E SUPLETORIEDADE**

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

De conformidade co previsto polo artigo 14º da orde do 31 de decembro de 2020 (DOG 03-02-2021) da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que o Concello de Caldas sexa un organismo público.

#### **DECIMO TERCEIRA. CLÁUSULA PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

En cumprimento do disposto no REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**  
Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7QDDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 12

EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPDP), e da Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Caldas de Reis.

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Caldas de Reis a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación na sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> e nos taboleiros de anuncios do concello e da oficina de Emprego. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

Caldas de Reis, setembro de 2022.

O Alcalde,

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

**DECRETO**

Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022



Cod. Validación: MEECEK7DDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: <https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 12

## ANEXO I

### BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “OS CAMIÑOS DO CAMIÑO III”, DO CONCELLO CALDAS DE REIS.

CRITERIOS		PUNTOS
Mulleres		0,5
Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco exclusión social		0,5
Discapacidade $\geq$ 33% (Sempre que poidan realizar os traballos)		0,5
Idade	De 18 ata 29 anos	1,5
	De 30 ata 44 anos	0,5
	De 45 ou máis	1
Tempo de desemprego desde o último traballo (Segundo vida laboral actualizada)	Menos de 12 meses	0,5
	Máis de 12 meses	1
	Máis de 18 meses	1,5
Nivel de Formación Académica	Baixa (que non posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3. Ata graduado en ESO.	1,5
	Media (que posúan un carne profesional, Certificado de profesionalidade de nivel 2, 3, FP ciclo medio ou Superior ou Bacharelato)	1
	Alta ( Titulación universitaria)	0,5
Protección de desemprego	Perceptores de desemprego	0,5
	Perceptores de subsidios ou axudas (RISGA ,RAI, PREPARA, ACTIVA, IMV)	1
	Non perceptores	1,5
IPI	Ter prevista a realización deste tipo de medida no seu Itinerario de Inserción Profesional (Certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida)	1

- De non achegar documentación non será valorado o apartado correspondente.

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

DECRETO  
 Número: 2022-1711 Data: 09/09/2022


 Cod. Validación: MEECEK7QDDQ4EP6547A7WZ9X2S | Corrección: https://caldasdereis.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12